



CENTRO SUPERIOR
DE HOSTELERÍA
DE GALICIA

**Curso Superior de Chef
en Cociña e Pastelería**

www.cshg.gal

CHEFS

**Reglamento
Prácticas
Académicas en
Empresas:
Curso Superior de
Chef en Cociña e
Pastelería**

CURSO | **2025-26**

CONTIDO

1. OBXECTIVOS PRINCIPAIS DO STAGE	3
2. PERÍODO	3
3. LUGAR	3
4. ASIGNACION DE DESTINOS	4
5. CONVENIO DE STAGE PRÁCTICO	4
6. TAREFAS A DESENVOLVER	5
7. ACTITUDE E INDUMENTARIA	5
8. SEGUIMIENTO DO STAGE	5
9. SEGURO DE ACCIDENTES E ENFERMIDADE	6
10. ASISTENCIA	6
11. SOLUCION DE CONFLITOS	7
12. AVALIACIÓN E VALIDEZ	8
13. STAGE INCOMPLETO ou INSATISFACTORIO	9

Os períodos de Stages, **Prácticas Académicas en Empresa e/ou Prácticum en Empresa** constitúen unha parte integrante do proceso formativo do Centro Superior de Hostalería de Galicia (CSHG), supervisada polo mesmo, na que os alumnos/as entran en contacto coa realidade do sector hostaleiro.

1. OBXECTIVOS PRINCIPAIS DO STAGE

- Poñer en práctica os coñecementos, habilidades, destrezas e competencias adquiridos durante o curso,
- Adquirir experiencia práctica segundo as directrices e baixo o control do Centro.
- Percibir a realidade do sector, desde unha perspectiva profesional e como experiencia vital.
- Atender as necesidades específicas dos clientes.
- Adaptar os seus coñecementos, habilidades, destrezas e competencias ás necesidades da empresa e dos seus clientes.
- Facilitar, a través dos stages, unha mellor integración dos alumnos/as no mundo laboral ao rematar os seus estudos.
- Aprender a integrarse en equipos de traballo diferentes.

2. PERÍODO

A duración dos stages adaptarase ao establecido no Plan de Estudos. A mera comunicación de cambios, en calquera aspecto do stage, non supón a aceptación das devanditas modificacións polo CSHG. Alén de facer a solicitude por escrito da autorización das modificacións, esta ha de ser explicitamente aprobada igualmente por escrito polo CSHG.

Non se poderán modificar as datas de inicio e remate das prácticas indicadas no calendario académico nin as asinadas no Convenio de Stage sen a autorización escrita do Departamento de Stages . Calquera modificación poderá dar lugar á suspensión ou invalidez do stage.

É obrigatorio librar como mínimo un día e medio á semana.

3. LUGAR

- Os stages prácticos obrigatorios realizaranse en Galicia naqueles establecementos que o CSHG considere aptos, conforme ao curso que corresponda. En todos os casos, o destino definitivo deberá ser autorizado polo Departamento de Stages . O CSHG non asumirá os gastos que poidan derivase da realización das prácticas, na marxe de posibles axudas abonadas polo establecemento.
- Os stages realizaranse no departamento de cociña e ou pastalaría.

- En todos os casos será responsabilidade única do alumno/a cumprir coas esixencias do do Goberno español, en canto á documentación necesaria e requisitos esixidos de entrada e estadía.

4. ASIGNACION DE DESTINOS

O CSHG comunicará ás empresas o *curriculum vitae* facilitado polo alumno/a, así como os datos recollidos no convenio de prácticas (nome e apelidos, departamento de prácticas, D.N.I., período de prácticas ou datos similares e necesarios para a confección do convenio).

A asignación de destinos realizarase tendo en cuenta as preferencias de cada alumno/a.

Os alumnos/as poderán realizar, no prazo aberto para ese efecto, a proposta de destino que desexen, ou ben xestionando a súa propia praza, antes da data que se indique para cada curso. A partir desa data a súa praza quedará confirmada coa empresa que xestionaron e coas condicións que pactaron; se non conseguiron pechar a súa praza ou optaron que o CSHG a buscara, tentarase cumprir coas súas preferencias de destino, segundo a dispoñibilidade. Confirmada a praza, non poderá modificarse, aínda que se reciban ofertas posteriores.

Unha vez estean os destinos establecidos, publicarase a lista provisional dos mesmos e os alumnos/as dispoñerán dun prazo de 48 horas para presentar as alegacións que consideren oportunas; posteriormente publicarase a lista definitiva. Con todo, será decisión última do Departamento de Stages todo aquilo que estea relacionado coa asignación de destinos, reservándose o dereito de realizar cambios xustificados, unha vez publicadas as listas definitivas.

O departamento de Stages en ningún caso poderá garantir o destino solicitado polo alumno/a.

Durante o proceso, todos os alumnos/as terán que entregar nos prazos fixados un **currículum vitae e a proposta de destino** antes mencionada. Naqueles casos que se produza un incumprimento nos prazos de entrega da documentación, o Departamento de Stage poderá fixar o destino.

5. CONVENIO DE STAGE PRÁCTICO (R.I. 2.5)

O CSHG establecerá un modelo de convenio de colaboración coa empresa no cal se reflicten as condicións do stage. Especificará claramente os seguintes puntos:

- Natureza e características da colaboración CSHG / empresa.
- Lugar onde se desenvolverá o stage, duración, data e condicións.
- A persoa encargada, no establecemento, de realizar o control e supervisión das prácticas e a forma en que a levarán a cabo.

- Cobertura do seguro individual de accidentes.

O alumno/a asinará o convenio, no que dará conformidade a todas as especificacións reflectidas. Este convenio de colaboración será asinado á súa vez polo CSHG e o establecemento no que o/a alumno/a realizará o stage práctico.

O centro quedará totalmente a marxe de calquera relación que o alumno/a estableza co establecemento fóra do convenio de prácticas.

6. TAREFAS A DESENVOLVER

As tarefas para realizar durante o stage estableceranse en función do departamento asignado. Adecuaranse en todo caso ás necesidades e posibilidades do establecemento que deben cumprir os obxectivos xerais establecidos, xa que constitúen unha parte fundamental para o desenvolvemento satisfactorio do stage. Se é posible, o establecemento debe facilitar que os alumnos/as roten polos diferentes postos que compoñen o departamento.

7. ACTITUDE E INDUMENTARIA

O stage é unha continuación do curso académico que se inicia no CSHG, alternando a aprendizaxe de coñecementos teóricos e prácticos, así como habilidades, destrezas e competencias da profesión. Xa que logo, as normas determinadas no Regulamento Interno en canto a imaxe persoal (aseo, hixiene, indumentaria, etc.) continúan vixentes durante as prácticas.

Os alumnos/as deberán utilizar o uniforme de prácticas do CSHG, salvo no caso de que a empresa esixa e facilite un propio, ou indique que non é necesario o seu uso.

Nos casos en que o establecemento proporcione o aloxamento, o alumno/a será o responsable do seu bo uso, sendo este persoal e intransferible, atendendo en todo caso ás normas do propio establecemento. Este punto será de aplicación a calquera material ou medio que o establecemento poña ao dispor do alumno/a.

Toda infracción producida, relacionada con este punto, pode dar lugar á penalización na nota final do stage e mesmo á súa invalidación.

8. SEGUIMENTO DO STAGE

Realizarase, polo menos, unha visita ao alumno/a por parte do CSHG, para supervisar a súa integración na empresa. **A presenza do alumno/a en esta visita é obrigatoria.**

No caso de que a visita non sexa factible, realizarase un seguimento alternativo.

Todos os alumnos/as poden dirixirse ao Departamento de Stages do CSHG durante o período de prácticas, por dúbidas de tipo persoal na súa integración ou ben de tipo profesional no desenvolvemento das súas tarefas. O horario de atención no verán é de 9:00 a 14:00 horas; fóra dese horario poden enviar un correo electrónico ao departamento de Stages (stages@cshg.es).



9. SEGURO DE ACCIDENTES E ENFERMIDADE

EN CASO DE ACCIDENTE

- Todos os alumnos/as están cubertos por un seguro escolar para utilizar única e exclusivamente en caso de accidente. Por este motivo resulta imprescindible levar a póliza do seguro ás prácticas. Este seguro é válido en España e o alumno/a deberá seguir o procedemento que se especifique. No caso de accidente, o alumno/a deberá comunicarllo de contado ao CSHG que tramitará o expediente coa compañía aseguradora. Aqueles alumnos/as que realicen o seu Stage no estranxeiro deberán ter contratada unha póliza que lles cubra, en caso de accidente e enfermidade, durante o período de prácticas; este requisito é obrigatorio para poder realizar o Stage.
- No caso de que o alumno incumpra o procedemento anterior, deberá asumir directamente os gastos nos que puidese incurrir pola cobertura da asistencia sanitaria recibida.
- Ao non ter relación laboral co establecemento, en caso de accidente o alumno/a non poderá recibir asistencia na mutua da empresa nin na Seguridade Social. Para iso xa dispón do seguro de accidentes proporcionado polo Centro ou no caso de estranxeiro contratado polo alumno/a.

EN CASO DE ENFERMIDADE

- No caso de enfermidade, a responsabilidade de garantir a devandita cobertura corresponderá exclusivamente ao alumno.
- En todo caso, non se poderá realizar o Stage sen ter garantida a cobertura por enfermidade.

10. ASISTENCIA

A asistencia ao stage é **obligatoria**. En caso de ausencia, os alumnos/as terán que informar a empresa e ao Departamento de Stages, presentando o xustificante no día da súa reincorporación. O CSHG valorará a necesidade de recuperar os días en que se ausente o alumno/a, ao termo do stage. Un número de ausencias superior a 15 días naturais poderá supoñer a invalidación das prácticas. Así mesmo, as faltas reiteradas na puntualidade poderán tamén dar lugar a sanción.

A Dirección do CSHG resérvase o dereito de estudar posibles casos particulares e modificar as medidas a tomar.

O titor/a do establecemento é o responsable de efectuar o control de ausencias e o alumno/a manterá informado o responsable de Stages do CSHG.

11. SOLUCION DE CONFLITOS

O Departamento de Stages buscará sempre, en caso de conflito, a conciliación entre empresa e alumno/a baseándose no carácter formativo do stage e a integración do alumno/a como un dos seus obxectivos principais.

Se se expón o cambio de establecemento, ben a petición da empresa ou do alumno/a, o responsable de stage (coordinador de prácticas) analizará a situación co fin de determinar as causas. Para iso será imprescindible que a empresa e o alumno/a elaboren un informe sobre o desenvolvemento do stage ata o momento (aspectos profesionais e persoais). A decisión última será adoptada polo Director/a de o CSHG podendo supoñer desde un cambio de establecemento ata a anulación do stage, segundo cada caso particular.

En caso de producirse un cambio de establecemento, o CSHG será responsable de asignar un novo destino e/ou establecemento.

O abandono das prácticas, sen comunicación previa verbal e escrita ao CSHG, poderá supoñer a invalidación do stage.

Do mesmo xeito que calquera outra actividade do Centro, o Regulamento Interno será de aplicación durante o Stage. Para ese efecto, consideraranse membros da comunidade educativa durante as prácticas, o colectivo relacionado coa empresa: persoal, clientes, provedores etc.

12. AVALIACIÓN E VALIDEZ

Os estudantes deberán elaborar un informe ou memoria final sobre o desenvolvemento do seu stage, para o que se lles facilitarán as pautas a seguir, así como os prazos de presentación, supoñendo este un 50% da nota, xunto co informe elaborado polo establecemento. Prevese a posibilidade de informes intermedios tanto por parte do alumno/a como por parte do establecemento; en caso de recibir máis dun informe do establecemento, priorizarase o recibido en último lugar.

Se durante as prácticas houbera un cambio de establecemento, o Departamento de Stages comunicará ao alumno/á necesidade de presentar un informe por cada establecemento.

O incumprimento no prazo de entrega da memoria final, fixado polo Departamento de Stages, supoñerá unha penalización de ata o 50% da nota do informe; transcorridos 15 días do prazo, a penalización poderá chegar a supoñer un cero (0).

A modificación das datas do stage sen autorización do Departamento de Stages dará lugar á penalización da nota final, podendo chegar á suspensión ou invalidación das prácticas en caso de non alcanzar a duración mínima esixida.

É obrigatorio que o alumno/a entregue o informe para poder considerarse un stage superado; en caso contrario, a nota máxima global que se poderá obter será de 4.

Ao termo do stage comunicarase ao alumno/a a cualificación obtida, que se incorporará ao seu expediente académico. A avaliación realizarase en base ao informe do establecemento e o informe que realiza o alumno/a. No boletín da nota indicáráselle ao alumno/a o procedemento para seguir ou prazo para revisar a cualificación, ben sexa acudindo ao Departamento de Stages ou mediante chamada telefónica.

As cualificacións poderán ser as seguintes,

- Suspenso: 0- 4,9
- Aprobado: 5- 6,9
- Notable: 7-8,9
- Sobresaliente: 9-10

existindo a posibilidade de outorgar Matrícula de Honra.

A validez do stage determinarase por parte da Dirección do CSHG, atendendo aos seguintes criterios:

- O establecemento debe contar coa aprobación do CSHG.
- A duración debe ser a esixida.
- Débense cumprir os obxectivos de stage marcados polo CSHG.
- A valoración realizada pola empresa na que se desenvolveu o stage.

13. STAGE INCOMPLETO OU INSATISFACTORIO

Nos casos en que un alumno/a realice un stage incompleto ou insatisfactorio, levará á non obtención da Titulación do Curso Superior de Chef de Cociña e pastalería.